

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE FEBREIRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para o impulso do asociacionismo no sector turístico de Galicia, por importe total de 195.000 €.
- Acordo polo que se toma razón da resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2023 por un importe de tres millóns de euros ( 3.000.000 €).

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se toma razón das bonificacións do prezo de vendas das parcelas de solo empresarial de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción "Itinerario peonil na contorna do enlace da AG-4.1 coa PO-504".
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. AG-46 e PO-551 en Domaio".

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se toma razón do Plan Conecta FP Galicia de colaboración público-privado para o establecemento de ofertas de formación profesional a medida do tecido produtivo galego 2023-2025.

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se dá conta da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-Economía Social) e se convocan para o ano 2023 por un importe de catro millóns trescentos mil euros (4.300.000 €).
- Acordo polo que se dá conta da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 31 de decembro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 por un importe dun millón catrocentos mil euros (1.400.000 €).
- Acordo polo que se dá conta da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de 9 de xaneiro de 2023, de convocatoria de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023, por importe de seis millóns oitocentos oitenta e catro mil seiscientos dezasete euros (6.884.617,00€).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Sanidade para a creación da cátedra institucional vida saudable por importe de cen mil euros (100.000 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a publicación da Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño durante os anos 2023, 2024, 2025 e 2026. Importe total: oitocentos sesenta e oito mil seiscentos sesenta e sete euros (868.667€).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da repercusión das axudas autonómicas no aseguramento agrario (2017-2022).

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a actividade da UPA en materia de furtivismo. Ano 2022.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a demanda da Xunta de Galicia contra o Real decreto 668/2022, de 1 de agosto, polo que se modifica o Regulamento xeral de costas.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a necesidade de recuperación e mellora dos servizos ferroviarios de carácter rexional e de proximidade de Galicia.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a oferta de emprego vinculada a Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre o Programa extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal médico de familia nos puntos de atención continuada.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN CO CLÚSTER DE TURISMO DE GALICIA COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR AO FORTALECENEMENTO DO SECTOR

- O Consello da Xunta autorizou o convenio co Clúster Turismo de Galicia por importe de 195.000 euros para a mellora da competitividade das empresas adheridas
- Esta acción enmárcase na aposta do Executivo autonómico por fomentar un turismo de calidade e excelencia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia coa finalidade de contribuír ao fortalecemento do sector. Esta acción enmárcase na aposta do executivo autonómico para fomentar un turismo de calidade e excelencia.

En virtude deste acordo, o Goberno galego investirá 195.000 euros nos próximos tres anos (65.000 por anualidade), para a posta en marcha de actividades que permitan avanzar no fortalecemento do sector, fomentando o seu asociacionismo e facilitando o seu acceso á financiación, formación e promoción.

En concreto, o acordo permitirá, entre outras medidas, apoiar a xestión ordinaria do Clúster Turismo de Galicia, impulsar xornadas multisectoriais e grupos de traballo no seo da cadea de valor do sector, realizar actividades de comunicación e sensibilización sobre a importancia do turismo como sector económico en Galicia, así como a posta en marcha doutras accións de colaboración coa Administración autonómica.

A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das actuacións recollidas do convenio, achegando un importe máximo para o desenvolvemento das actuacións de 195.000 euros repartidos en 3 anualidades, durante os anos 2023, 2024 e 2025.

Precisamente, o impulso e fortalecemento do sector e a colaboración público privada son uns dos piares do modelo turístico galego, baseado na calidade e a excelencia. De feito, Galicia pechou o ano pasado rexistrando cifras récord nos principais parámetros, como os ingresos hoteleiros, a chegada de turistas e de peregrinos que acadaron a cifra máis elevada da historia da nosa comunidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA TRIPLICA O ORZAMENTO DAS AXUDAS PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS DOS CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES

- O obxectivo principal destas axudas é fomentar a recuperación, a accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos
- Este proxecto conta cun crédito de 3 millóns de euros, o que supón o triplo do orzamento da convocatoria no ano 2022, que contaba con 1.000.000 €

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2023, que triplica o orzamento con respecto ao ano pasado, pasando de 1 millón de euros a 3 millóns de euros.

Estas axudas teñen como obxectivo principal fomentar a recuperación, a accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Poderán ser obxecto das axudas as actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos que poderán incluír a recuperación e tratamento paisaxístico do contorno, a iluminación, a recuperación e creación de miradoiros paisaxísticos, sendeiros, rutas ou outros elementos de interese turístico, así como a adecuación de espazos destinados ao estacionamento de vehículos dos visitantes.

Tamén poderán ser subvencionables, as actuacións de embelecemento dos bens declarados de interese cultural ou cun procedemento de declaración xa iniciado, así como as que afecten o seu contorno de protección, a rehabilitación ou restauración para a súa dedicación a usos turísticos distintos do aloxamento de persoas, a recuperación de elementos de interese etnográfico ou da arquitectura tradicional, a e actuacións de mellora de sinalización e accesibilidade dos recursos turísticos.

O importe máximo da subvención que se vai aboar será do 100 % do orzamento do investimento subvencionable, co límite máximo de 30.000 €, sendo o mesmo importe que o establecido na convocatoria do ano 2022. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA OFRECE PRETO DE 900.000 M<sup>2</sup> DE SOLO URBANIZADO A PREZOS BONIFICADOS EN 37 PARQUES EMPRESARIAIS DE TODA GALICIA**

- As empresas interesadas nestas 380 parcelas poderán beneficiarse de descontos sobre o prezo de venda estimados en máis de 34,8 M€
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará o próximo luns un novo concurso para a adquisición de 517.720,12 m<sup>2</sup> de solo empresarial repartidos entre 215 parcelas en polígonos de Xestur
- A oferta de solo para 2023 complétase con outros 86.521 m<sup>2</sup> que a empresa pública sacará á venda ao longo deste ano e cos 288.686,96 m<sup>2</sup> dispoñibles para compra directa nos parques propiedade do IGVS
- O Goberno galego adxudicou desde 2015 preto de 2,9 millóns de m<sup>2</sup> de solo empresarial, dos cales case o 88 % se venderon con bonificacións de ata o 50 %

A Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e da empresa pública Xestur, ofrece este ano ás empresas galegas ou a aquelas que queiran asentarse na Comunidade preto de 900.000 m<sup>2</sup> de solo urbanizado a prezos bonificados nun 30 % ou nun 50 %. Unha superficie distribuída en 380 parcelas de 37 parques empresariais localizados nas catro provincias.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presentou un proxecto de acordo ao Consello da Xunta no que avanza que, no caso de venderse a totalidade da superficie ofertada, as empresas interesadas poderían beneficiarse de descontos sobre o prezo das parcelas estimados en máis de 34,8 millóns de euros.

Así mesmo, a Xunta tamén ofrece a posibilidade de acceder a solo a través doutras tres modalidades: adxudicación en dereito de superficie a cambio do pagamento dun canon reducido (que oscila entre os 0,75 euros por m<sup>2</sup> e ano e os 3,12 euros por m<sup>2</sup> e ano); arrendamento; ou compravenda con pagamento aprazado ata en 8 anos.

En concreto, o vindeiro luns, 13 de febreiro, Xestur convocará un novo concurso para a adquisición de 517.720,12 m<sup>2</sup> de solo empresarial, repartidos entre 215 parcelas de 18 polígonos. A esta superficie hai que engadir a previsión de convocar, ao longo deste ano 2023, o concurso de venda de máis de 86.500 m<sup>2</sup> en desenvolvemento en Xinzo de Limia. O solo empresarial dispoñible en Galicia complétase tamén coa superficie propiedade do IGVS, que ofrece 288.686,96 m<sup>2</sup> para a venda, distribuídos en 142 parcelas de 18 parques.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Da superficie total que estará dispoñible este ano nos polígonos da Xunta, as maiores bolsas de solo localízanse nos parques de Morás, en Arteixo, con 119.000 m<sup>2</sup>; A Reigosa, en Ponte Caldelas, en que se ofertarán 112.000 m<sup>2</sup>; ou o xa citado de Xinzo de Limia.

O obxectivo do Goberno galego é seguir a traballar para ofrecer as mellores condicións para que as empresas se implanten na nosa Comunidade, coa conseguinte creación de riqueza e postos de traballo.

De feito, cómpre salientar que 2022 foi o segundo ano co mellor balance de venda de solo empresarial desde que a Xunta ofrece bonificacións. Os 540.000 metros cadrados adjudicados no conxunto de Galicia o ano pasado unicamente se viron superados polos 640.000 m<sup>2</sup> que se venderon en 2019, un ano de récord.

### **Política de bonificacións da Xunta de Galicia**

A política de bonificacións da Xunta de Galicia, que é a única Administración pública que fixa incentivos para a venda de solo en todas as parcelas da súa titularidade, deu como resultado a adjudicación, entre os anos 2015 e 2022, de preto de 2,9 millóns de metros cadrados, dos cales case o 88 % se venderon con bonificacións de ata o 50 %.

Máis polo miúdo, o solo adjudicado en compravenda –máis de 2,5 millóns de m<sup>2</sup>– supuxo o desembolso por parte dos adquirentes de máis de 142 M€, despois de que se lle aplicaran bonificacións no prezo por importe de 83 M€; mentres que as parcelas asignadas en dereito de superficie teñen un valor de máis de 22,2 millóns de euros.

En total, foron 565 as empresas adjudicatarias de solo neste período (tanto en compravenda como en dereito de superficie) e estímase que das operacións realizadas nos últimos 8 anos derivouse un investimento indirecto superior aos 800 M€, coa creación de máis de 8.000 empregos.

Deste xeito, a aposta da Xunta de Galicia por incentivar a actividade das empresas a través das súas políticas de acceso ao solo empresarial acadou no período 2015-2022 os 105,2 millóns de euros. E, para continuar con esa estratexia, o Goberno galego reservou unha partida de 7 M€ nos orzamentos da Comunidade para 2023 para continuar aplicando bonificacións na adquisición de solo.

Ademais, mobilizará outros 27 M€ para impulsar actuacións como a adquisición de terreos ou a urbanización de espazos co obxectivo de optimizar os parques empresariais de toda Galicia. De feito, a Xunta está a desenvolver un total de 6,86 millóns de metros cadrados no conxunto da Comunidade para atender as actuais e futuras necesidades.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PROXECTO DA NOVA SENDA PEONIL QUE CONECTARÁ AS DÚAS MARXES DA AUTOVÍA DO SALNÉS EN SANXENXO, CUN INVESTIMENTO DE 180.000 €**

- O Executivo autonómico autoriza as expropiacións para construír un itinerario de 380 metros na contorna do enlace da autovía coa PO-504, superando unha barreira para a mobilidade dos peóns e reforzando a seguridade viaria
- A intervención incluírá a dotación de iluminación, canalizacións para as redes de telecomunicacións e distribución de enerxía eléctrica
- A previsión é licitar as obras e convocar as expropiacións no segundo trimestre do ano, co obxectivo de iniciar os traballos no verán cun prazo de execución de 2 meses
- Esta actuación da Xunta engádese aos itinerarios rematados no marco do Plan de Sendas do Salnés, cun investimento de 12 M€ e máis de 21 km de sendas construídas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de execución da nova senda na contorna do enlace da autovía do Salnés, a AG-41, coa estrada PO-504, no concello de Sanxenxo, que ten por obxectivo conectar as dúas marxes da vía de altas prestacións.

O investimento que o Goberno galego destinará a este novo itinerario de uso peonil roldará os 180.000 euros, incluíndo o pagamento dos 5 predios necesarios para impulsar estas obras.

Mediante esta nova actuación no municipio pontevedrés, a Xunta habilitará un itinerario peonil de 382 metros de lonxitude entre ambas as marxes da autovía, o que permitirá superar unha barreira para a mobilidade dos peóns e reforzar a seguridade viaria.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención. A superficie de expropiación definitiva será de 85,16 metros e ocupárase temporalmente unha superficie de 35,71 metros.

En concreto, a nova senda partirá das beirarrúas existentes na marxe dereita do punto quilométrico 0+690 da estrada PO-504 e estenderase ata o 0+870. Nese punto, deixado atrás o paso inferior sobre a VG-4.1, o trazado da senda discorrerá paralelo ao pé do noiro da continuación da autovía do Salnés, para rematar na glorieta inferior do enlace.

Con esta solución evítase o paso polo enlace da dita glorieta, polo que se consegue unha maior seguridade viaria.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A sección mínima da senda terá un ancho medio de 2,5 metros e contará con pavimento de formigón e bordo de separación coa calzada.

A actuación complementarase coa dotación de iluminación pública de modo que se garanta a seguridade dos usuarios, canalizacións para as redes de telecomunicacións e distribución de enerxía eléctrica, así como a reposición de servizos afectados e a dotación de diferentes xardineiras dispostas no treito que discorre paralelo á PO-504.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre de 2023, co obxectivo de iniciar os traballos no verán. A actuación ten un prazo de execución de 2 meses.

Esta intervención súmase ás xa rematadas no marco do Plan de Sendas de Galicia na comarca do Salnés, que cun investimento de máis de 12 M€ permitiron acadar máis de 21 km lineais de itinerarios peonís.

O Goberno galego segue a traballar para que as estradas autonómicas do Salnés sexan verdadeiros eixos de mobilidade segura e sostible tamén para peóns, para o que na actualidade existen ou están a ser proxectadas sendas ou beirarrúas ao longo da PO-549, a PO-302, a PO-306 e a PO-307 para camiñar de modo seguro entre Cambados, Vilanova, Vilargarcía e A Illa de Arousa a través destas estradas autonómicas.

Plano de planta da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA A INFORMACIÓN PÚBLICA DE DOUS APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO VEHÍCULO COMPARTIDO NA COMARCA DO MORRAZO, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,3 M€**

- Executarase un aparcadoiro disuasorio de 82 prazas na autovía do Morrazo e outro de 75 prazas na estrada PO-551 en Domaio, ambos os dous no concello de Moaña
- O primeiro aparcadoiro situarase no cruzamento do quilómetro 3 da autovía AG-46, e o segundo será ampliación do existente na marxe dereita da PO-551, nas proximidades do enlace de Rande
- Ambos os dous reservarán prazas para persoas con mobilidade reducida e disporán de 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos
- O levantamento das actas previas das expropiacións realizarase no segundo trimestre e prevese licitar as obras entre finais de febreiro e principios de marzo, para comezalas no verán
- Trátase de proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas contornas das cidades e vilas galegas, aos cales se destinará este ano un investimento de 12,4 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o expediente de información pública do proxecto de construción de dous aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido, asociados á implantación de zonas de baixas emisións na comarca do Morrazo.

O acordo do Executivo autonómico impulsa a execución de dous aparcadoiros disuasorios ao paso polo concello de Moaña, en Domaio: na contorna da autovía do Morrazo (AG-46) e na estrada autonómica PO-551.

O investimento que o Goberno galego destinará a estes novos aparcadoiros, que teñen como finalidade a mellora da mobilidade entre os núcleos da comarca do Morrazo e as áreas de Vigo e de Pontevedra, superará os 1,35 M€, incluíndo o pagamento do predio necesario para executar a intervención.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado deste proxecto, para o cal é preciso o acondicionamento dos terreos nas marxes das ditas estradas, leva así aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dunha superficie de 849 m<sup>2</sup> no concello de Moaña.

Máis en detalle, no aparcadoiro da AG-46 en Domaio, executarase nun recheo xa existente no enlace situado no punto quilométrico 3 da autovía do Morrazo e terá unha

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

capacidade para un total de 82 prazas, 3 delas reservadas para vehículos adaptados á persoas con mobilidade reducida e 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos.

No proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, neste novo aparcadoiro dispórase unha franxa perimetral interior adxacente ás prazas para os itinerarios peonís e carrís de circulación que serán de sentido único. Ademais, para o acceso ao aparcadoiro remodelárase o enlace da autovía cunha glorieta de tipo circular.

O aparcadoiro que se situará nas proximidades do enlace de Rande proxéctase como prolongación do xa existente na marxe dereita da estrada PO-551, no punto quilométrico 33+250. Contará cun total de 75 prazas, 2 delas para vehículos conducidos por persoas con mobilidade reducida e 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos.

Este segundo aparcadoiro contará tamén con carrís de circulación interior dun só sentido e unha banda perimetral de itinerario peonil.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións necesarias no segundo trimestre deste ano. A licitación das obras será independente para cada un dos dous aparcadoiros e prevese realizar entre finais de febreiro e principios de marzo para poder comezar os traballos no verán. O prazo de execución é de 9 meses.

Estas intervencións enmárcase nos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia Next Generation UE no impulso da transformación da mobilidade nas contornas urbanas, apostando por desprazamentos máis limpos e sustentables, aos cales destinará este ano un investimento de 12,4 M€.

O Goberno galego segue a traballar a favor da mobilidade sustentable, impulsando a dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás principais vías de entradas ás cidades de Galicia e conectados coa rede de servizos de transporte público colectivo, con itinerarios peonís e ciclistas.

Plano de planta das actuacións autorizadas no Consello da Xunta de hoxe:

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

APARCADOIRO DOMAIO (AG-46)



APARCADOIRO RANDE (PO-551)



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CREARÁ 9.500 NOVAS PRAZAS PARA ESTUDAR FP NOS DOUS PRÓXIMOS CURSOS ATENDENDO ÁS NECESIDADES DOS SECTORES PRODUTIVOS E AS COMARCAS**

- Resalta que o obxectivo é garantir “a conexión da FP co mercado laboral” e axustar a oferta de prazas a demanda real das empresas
- A través do Plan Conecta FP Galicia analizaranse as especificidades de cada zona e deseñarase unha oferta formativa en colaboración coas empresas e axentes locais
- O obxectivo é incrementar o número de cidadáns cun nivel de cualificación media, seguir reducindo o abandono educativo temperá, diminuír o déficit de traballadores cualificados e aumentar a empregabilidade da poboación
- Subliña que para a súa elaboración apóstase pola “colaboración público-privada” coa participación de 10.000 empresas, 400 asociacións vencelladas ao sector produtivo e de arredor de 300 centros educativos
- Preténdese que a cifra de empresas colaboradoras con estas ensinanzas se incremente nun 15 % cada curso académico e un 74 % na FP Dual
- Colaborarán no seu desenvolvemento a Confederación de Empresarios de Galicia, a rede de Centros integrados de FP, outros departamentos do Goberno galego e as administracións locais
- O investimento neste plan ascende a 30,7M€ cos que tamén se impulsará a avaliación e acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego creará 9.500 prazas para estudar Formación Profesional nos dous próximos cursos ao abeiro do Plan Conecta FP Galicia, co que a Xunta analizará as necesidades dos sectores e dos territorios para deseñar ofertas de Formación Profesional a medida do tecido produtivo galego. Rueda destacou que o obxectivo é garantir a “conexión da FP co mercado laboral” e que a oferta de prazas se adecúe a demanda das empresas.

Para iso, a Xunta aposta pola “colaboración público-privada”. De feito, tal e como explicou Rueda, na elaboración deste Plan participarán diferentes departamentos da Administración autonómica, “unhas 10.000 empresas, 400 asociacións, máis de 300 centros escolares” e a Confederación de Empresarios de Galicia, entre outros.

Entre os obxectivos deste Plan Conecta FP Galicia, o presidente indicou que a previsión é “aumentar en 4.500” as prazas de FP no vindeiro mes de setembro e que Galicia gañe outras 5.000 no curso 2024-2025. Ademais, subliñou que esta medida busca “que o número de empresas colaboradoras con estas ensinanzas aumente un 15% en cada curso académico”, un incremento que podería superar o 70% no caso da FP Dual.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais grazas a este Plan agárdase incrementar o número de cidadáns cun nivel de cualificación media, seguir reducindo o abandono educativo temperá (que acaba de marcar o seu segundo mellor rexistro histórico na nosa Comunidade, un 9,9 %), diminuír o déficit de traballadores cualificados e aumentar a empregabilidade da poboación. De forma paralela, mellorarase a competitividade das empresas, dando resposta ás necesidades de capacitación que deben ter os traballadores que precisan, o que redundará nunha maior confianza da FP.

O investimento neste plan ascende a 30,7M€ cos que, ademais de crear as devanditas 9.500 prazas, se impulsará a avaliación e acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral, o que redonda tamén en mellores condicións para o acceso ao mercado de traballo destas persoas.

### **Participación**

Para a implementación deste Plan, a Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades estableceu unha colaboración coa Confederación de empresarios, que participará de forma directa no seu desenvolvemento. Ademais, os 24 centros que constitúen a Rede de Centros integrados de Formación Profesional de Galicia, como referentes destas ensinanzas, terán tamén un papel destacado na organización e desenvolvemento destas actuacións.

Prevese que participen neste plan de máis de 10.000 empresas, entre as que se atopan as colaboradoras na formación do alumnado de FP, así como compañías referentes dos sectores significativos. Serán convidadas aos encontros máis de 400 asociacións, clústeres ou entidades vinculadas co sector produtivo, a totalidade das administracións implicadas (consellerías, axencias, fundacións, administracións locais...) e participarán máis de 300 centros educativos que imparten ensinanzas de FP.

Deste xeito, búscase realizar unha análise completa da situación do mercado laboral, que inclúa os diferentes puntos de vista e conseguir enlazar as necesidades de todos os participantes para acadar a mellora da FP e unha maior vinculación da mesma coas necesidades da sociedade.

### **Encontros sectoriais e territoriais**

As actuacións vencelladas á elaboración do Plan Conecta FP Galicia divídense en varias fases. Na primeira fase realizaranse encontros sectoriais e territoriais en que se darán a coñecer as múltiples posibilidades do ecosistema de FP de Galicia, tanto de formación como de capacitación profesional, e recolleranse as necesidades de formación e capacitación que necesita o mundo laboral, tanto actuais como futuras.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os meses de febreiro e marzo de 2023 desenvolveranse cinco encontros sectoriais, que reunirá ás empresas de forestal-madeira, da cadea mar-Industrias, do metal (automoción, naval, aeronáutica e construcións metálicas), de recursos naturais-enerxías sustentables e de turismo e hostalaría-industrias alimentarias. Ademais, para chegar ás empresas máis pequenas ou a sectores produtivos máis focalizados nunha zona xeográfica, organizaranse 14 encontros territoriais (catro encontros nas provincias da Coruña e Pontevedra e tres encontros nas provincias de Lugo e Ourense).

Os encontros sectoriais e territoriais de carácter presencial darán lugar á constitución de 19 grupos de traballo de ámbito sectorial e territorial en que estarán representados todos os axentes implicados e en que se traballará toda a información recollida nas dúas fases previas co obxectivo de facilitar o deseño de plans de formación profesional adaptados ás necesidades futuras dos sectores produtivos.

Nunha segunda fase estes grupos identificarán as necesidades actuais e futuras de formación das empresas, analizarán as posibles transformacións produtivas e a súa implicación nas competencias profesionais, incluíndo as profesións emerxentes, e concretarán os novos perfís profesionais relacionados con traballos futuros.

Froito deste traballo, cada un dos grupos elaborará un plan de acción de formación especializada para os seus ámbito profesionais. Estes 19 documentos conformarán o Plan Conecta FP Galicia, para o establecemento de ofertas de Formación Profesional á medida do tecido produtivo galego 2023-2025, que funcionará como unha ferramenta estratéxica para a definición das ofertas do sistema educativo.

### **Incremento do alumnado en Formación Profesional**

Grazas a este Plan, a Xunta busca consolidar e ampliar o interese por unhas ensinanzas que contan cada vez con máis demanda entre o alumnado. No actual curso 2022-2023 matricularonse preto de 61.000 persoas nalgún ciclo de Formación Profesional, o que supón un 75% máis que no curso 2008-2009, cando cursaban estes estudos case 34.800 alumnos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA CONVOCA MAÑÁ O PROGRAMA 'APROL ECONOMÍA SOCIAL' CO QUE SE ASPIRA INCORPORAR 283 PERSOAS A COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

- O Goberno galego incrementa o orzamento inicial desta liña nun 13 % respecto do ano pasado, ata acadar os 4,3 millóns de euros
- A achega básica para que as entidades incorporen persoas en desemprego ou para quen inicie a súa actividade no sector é de 6.000 euros
- Prevense incrementos do 25 % ata un máximo de 19.500 euros, no caso de que se trate de mulleres, persoas con discapacidade, residentes no rural, maiores de 45 anos ou emigrantes retornadas, entre outros colectivos
- Como novidade, a Xunta dará máis apoios ás cooperativas de nova creación con 4 ou máis persoas socias

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade activará mañá unha nova convocatoria das axudas *Aprol Economía Social* con apoios directos ao emprego en cooperativas e sociedades laborais, grazas aos que se espera beneficiar a 136 entidades e incorporar 283 persoas socias.

As bases destes apoios, ás que deu o visto é prace hoxe o Consello do Goberno galego, mobilizarán 4,3 millóns de euros, un 13 % máis que a convocatoria do ano anterior. A través desta iniciativa a Administración autonómica quere fomentar o emprendemento e o emprego na economía social, impulsar o autoemprego neste sector e fixar man de obra produtiva no territorio.

O programa recolle dúas liñas compatibles entre si: unha primeira con axudas directas a cooperativas e sociedades laborais para que incorporen principalmente persoas desempregadas; e unha segunda, para beneficiar directamente a quen se incorpore como socia ou cun contrato indefinido a unha destas entidades ou que inicien a súa actividade por conta propia.

A contía básica da axuda en cada unha das liñas ascende a 6.000 euros, con incrementos do 25 % de concorreren circunstancias de dificultade de acceso ao mercado laboral, como ser muller ou maior de 45 anos, algunha discapacidade, persoas emigrantes retornadas ou residir en contornas rurais, entre outras. Como novidade, este ano a orde incorpora ese 25 % extra tamén no caso de cooperativas de nova creación que conten con 4 ou máis socios. A Xunta de Galicia prevé así incentivos máximos de ata 19.500 euros de acumularse algunha destas variables para ambas as dúas liñas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prazo de solicitude desta orde, que se convocará mañá no *Diario Oficial de Galicia*, estenderase ata o próximo 15 de setembro.

Desde o ano 2017, a Xunta investiu máis de 22,6 millóns de euros nesta iniciativa, o que permitiu a incorporación de máis de 5.700 persoas a cooperativas e sociedades laborais.

A economía social é un modelo económico que contribúe á cohesión social e do territorio, poñendo o foco nas persoas e baseándose na xeración dun emprego inclusivo, igualitario e solidario. En 2023, a Xunta de Galicia seguirá apostando por este ecosistema cun orzamento que experimenta un incremento dun 20,87 % (+7,3 M€) respecto do ano anterior, chegando a 42,3 millóns de euros que se distribuirán en tres grandes eixes de actuación: difusión da economía social, creación e consolidación de iniciativas de economía social, e promoción do emprego inclusivo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINARÁ 1,4M€ A PROMOVER A IGUALDADE LABORAL, A CONCILIACIÓN E A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL ENTRE O TECIDO PRODUTIVO GALEGO**

- O *Diario Oficial de Galicia* publicará mañá a orde que prevé apoios de ata 9.000 euros para medidas de flexibilidade horaria ou de fomento do teletraballo e de ata 20.000 euros para financiar o investimento necesario para garantir o traballo en remoto
- Con estas medidas, que impulsan tamén a implantación de plans de igualdade nas empresas e de medidas de Responsabilidade Social Empresarial (RSE), o Executivo autonómico espera chegar a unhas 250 firmas
- Desde 2017 mobilizáronse cerca de 10 millóns de euros no marco deste programa, o que permitiu atender 1.350 solicitudes

O Goberno galego activará mañá unha nova convocatoria de axudas a micropemes, pemes e persoas traballadoras autónomas con persoal contratado que, cun orzamento de 1,4 millóns de euros, impulsará a implantación de medidas de igualdade laboral, conciliación e de Responsabilidade Social Empresarial (RSE).

O Consello da Xunta deu visto e praxe a esta iniciativa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade coa que se pretende chegar a beneficiar unhas 250 empresas e que está estruturada en tres liñas: unha primeira, para fomentar a elaboración e posta en de plans de igualdade (orzamento: 250.000 euros); unha segunda, para a implantación de medidas de conciliación, teletraballo e flexibilidade horaria (1,05 millóns de euros); e unha terceira, dotada con 100.000 euros, para que as empresas poidan optar a certificacións en materia de RSE que recoñezan as súas boas prácticas.

Para a elaboración de plans de igualdade, a Xunta de Galicia prevé apoios, que se bareman en función do tamaño da empresa e dos cadros de persoal, que poden chegar ata 22.000 euros de ter máis de 20 persoas empregadas e que se destinarán, de ser o caso, á contratación de expertas ou expertos en igualdade, á realización dunha diagnose previa á elaboración dun plan de igualdade, para cubrir gastos da propia elaboración do plan e para a implantación das medidas contidas nel.

Doutra parte, o Goberno galego apoia a conciliación da vida laboral, familiar e persoal con incentivos para o fomento do teletraballo (2.000 euros por traballador ou traballadora, cun máximo de 8.000 euros por empresa) e a flexibilidade horaria (8.000 euros por firma). Estes apoios incrementaranse en 1.000 euros para profesionais ou empresas en que a taxa de ocupación feminina sexa polo menos igual á masculina.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Inclúense neste segundo paquete de achegas, ás destinadas á adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten a implantación efectiva do traballo a distancia, coas que se financiará ata o 80 % do investimento con tope de 1.500 euros por empregada ou empregado beneficiario e co límite máximo por empresa situado nos 20.000 euros. Ao igual que no caso anterior, a axuda aumentará nun 10% naquelas empresas que a taxa de ocupación feminina sexa polo menos igual á masculina.

En terceiro lugar, este programa de Promoción do Emprego e Igualdade apoia ás empresas e ao traballo autónomo na obtención de normas ou estándares en Responsabilidade Social Empresarial (RSE) financiando o 80 % dos custos do proceso de certificación e/ou verificación ata un máximo de 2.000 euros por entidade.

A Xunta leva mobilizados neste programa de axudas para a igualdade laboral cerca de 10 millóns de euros desde 2017, tendo beneficiado un total de 1.350 empresas nestes anos.

A nova convocatoria publicarase mañá no *Diario Oficial de Galicia* e o prazo de solicitude permanecerá aberto ata o próximo 10 de marzo.

A medida encaixa na aposta que a Xunta de Galicia está a redobrar a favor da igualdade e do benestar laboral e que está presente como un dos eixes principais no deseño das súas políticas de emprego. Así, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a destinar este ano 2023 cerca de 17M€ (16,8M€) para apoiar á conciliación e a corresponsabilidade, a igualdade e o benestar laboral.

Ademais, dos recursos económicos o Goberno galego está a avanzar na reforma da lexislación autonómica de igualdade para adecuala aos novos tempos e para ampliar a súa cobertura de servizos, incluíndo, como novidade no seu articulado, conceptos como a discriminación múltiple ou o benestar laboral.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIARÁ ESTE ANO A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 265 ORIENTADORES LABORAIS EN 94 CONCELLOS E 40 ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CON PRETO DE 6,9 MILLÓNS**

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade financiará cunha contía máxima de 27.000 euros cada técnico contratado a tempo completo e con 30.000 euros se a entidade sen ánimo de lucro a que se incorpore está especializada no traballo con persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social
- Estes profesionais atenden as necesidades das persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego
- Desde 2009, estas axudas permitiron desenvolver preto de 4.000 contratos a orientadores
- A rede de orientadores laborais da Xunta de Galicia está conformada por máis de 600 profesionais, xa que se completa cos 136 novos profesionais permanentes que se están a incorporar xa ás oficinas de emprego e cos axentes de emprego

A Xunta financiará este ano cun investimento próximo aos 6,9 millóns de euros a contratación e mantemento de máis de 265 orientadores laborais en 94 concellos e 40 entidades sen ánimo de lucro de Galicia. O orzamento inicial previsto permitirá non só o mantemento, senón o incremento da rede actual de técnicos de orientación laboral, posibilitando a atención de máis de 77.000 persoas desempregadas de Galicia.

Os contratos teñen unha duración dun ano financiándose estes postos cunha contía máxima de 27.000 euros por cada técnico en orientación laboral incorporado a tempo completo e con 30.000 euros cando o contrato se desenvolva nunha entidade sen ánimo de lucro especializada que realice actividades de atención á discapacidade e/ou a persoas en risco de exclusión social. Estas contías incrementáronse este ano en 1.000 euros en relación coa convocatoria anterior.

Os orientadores prestan asistencia para o autoemprego e artellan medidas encamiñadas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego (inscritas no Servizo de Emprego de Galicia). Así, entre outras funcións, elaboran diagnoses individualizadas sobre o perfil e necesidades dos desempregados; proporcionan información sobre o mercado de traballo e os distintos incentivos; deseñan itinerarios individuais e personalizados de emprego, ou informan sobre a oferta de accións de formación profesional ou o proceso de recoñecemento das competencias adquiridas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A mellora da orientación laboral cun enfoque a servizos e dirixida tanto a demandantes de emprego como ás empresas é un obxectivo prioritario da Xunta. Desde o ano 2009, grazas a esta convocatoria concedéronse axudas para a celebración de preto de 4.000 contratos de persoal técnico de orientación laboral por parte dos concellos e as entidades empresariais e sindicais.

Galicia conta cunha rede de orientadores máis extensa que acada máis de 660 profesionais: aos máis de 265 postos que se contratarán ou manterán con estas axudas nos concellos e entidades sen ánimo de lucro, súmanse os 136 novos do servizo propio e permanente de orientación laboral e prospección que se creou recentemente grazas a un investimento de arredor de cinco millóns de euros e que se están a incorporar xa ás 53 oficinas de emprego de Galicia (130 está a distribuírse polas oficinas de emprego e 6 traballarán nos servizos centrais); os 220 axentes de desenvolvemento local; e, por último, 42 axentes de emprego en entidades sociais que exercen un labor fundamental no apoio á empregabilidade de galegas e galegos.

O fortalecemento da rede de orientación laboral da Xunta enmárcase no amplo proceso de modernización que o Goberno galego está a acometer para facer máis accesibles, máis próximos e máis dinámicos os seus servizos de emprego co obxectivo último de mellorar a empregabilidade de galegas e galegos, mediante a mellora da cualificación profesional ao longo da vida, a través dunha formación flexible e adaptada ás necesidades do mercado e cunha orientación e asesoramento personalizado.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA E A USC CREAM A PRIMEIRA CÁTEDRA PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN E A PROMOCIÓN DUN ESTILO DE VIDA SAUDABLE

- A cátedra institucional “Vida Saudable” encádrase nos obxectivos do Plan de Obesidade Zero en Galicia 2022-2030
- Será un foro para a execución de actividades docentes, académicas e investigadoras na especialización en hábitos de vida saudable e envellecemento activo
- O Goberno galego investirá 100.000 euros nesta cátedra, que terá unha duración de 4 anos e que servirá tamén como instrumento de colaboración entre o persoal investigador, o profesorado da USC e os profesionais sanitarios e non sanitarios vencellados ao sistema sanitario público galego

O Goberno galego e a Universidade de Santiago de Compostela crearán a Cátedra institucional “Vida Saudable”, que impulsará a investigación e a mellora do coñecemento na promoción dun estilo de vida saudable. A cátedra encádrase nos obxectivos do Plan de Obesidade Zero da Xunta de Galicia 2022-2030 e será un foro para a execución de actividades docentes, académicas e investigadoras especializadas en hábitos de vida saudable e envellecemento activo.

A Xunta investirá 100.000 euros nesta cátedra de nova creación, que terá unha duración de 4 anos e que servirá tamén como instrumento de colaboración entre o persoal investigador, o profesorado da USC e os profesionais sanitarios e non sanitarios vencellados ao sistema sanitario público galego.

O Consello da Xunta abordou na súa reunión de hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Sanidade para a creación desta cátedra institucional.

Máis polo miúdo, o programa de actividades desta nova ensinanza incluírá as seguintes actuacións: creación da rede de investigación e innovación galega en promoción da saúde; desenvolver novas liñas de investigación en hábitos de vida saudables e envellecemento activo ou potenciar as xa existentes; establecer un sistema de avaliación periódica do sobrepeso e a obesidade da poboación galega e dos cambios no comportamento relacionados cos seus factores protectores; realizar cursos, seminarios,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conferencias e cantas actividades académicas redunden na difusión, o coñecemento e a práctica dun estilo de vida saudable, así como promover e organizar actividades que contribúan a facilitar a reflexión e o debate co fin de acadar o seu mutuo enriquecemento intelectual e a mellora da súa formación

Tamén, entre as actividades previstas pola cátedra está a colaboración co profesorado e departamentos da USC en todo aquilo que favoreza a formación integral do alumnado; favorecer a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas mediante publicacións e outras accións de comunicación; a creación e mantemento dun fondo bibliográfico e documental sobre as materias específicas da promoción da saúde e as disciplinas con ela relacionadas; facilitar a inserción profesional dos e das estudantes da USC participando, de ser o caso, nas actividades realizadas pola cátedra e fomentar a colaboración entre a USC e o sector profesional no ámbito da promoción da saúde.

O Plan de Obesidade Zero en Galicia 2022-2030 responde ao cumprimento das normativas e estratexias específicas para a prevención da obesidade e o sobrepeso a nivel nacional e europeo. A nova cátedra institucional inclúese como un dos eixes estratéxicos deste plan galego, que pretende reforzar a saúde e a calidade de vida da cidadanía cun modelo de vida saudable.

Tras o seu paso polo Consello da Xunta, a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela formalizarán o convenio para a posta en marcha desta nova cátedra, que terá unha vixencia de catro anos e poderá ser renovado por outros catro. A USC será a encargada de constituír a cátedra e designar a persoa que exercerá a súa dirección, quen elaborará, organizará e desenvolverá a programación anual de actividades e proxectos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA AMPLIAR A REDE DE CASAS NIÑO E SUPERAR AS 100**

- O Goberno galego destina preto de 900.000 euros á creación de 50 novas prazas, é dicir, 10 novos centros en concellos do rural
- Galicia apoiou a posta en marcha de 95 casas niño desde a súa creación en 2016, con que se atenden a 475 nenas e nenos de municipios que non contan con outro recurso de conciliación

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á nova orde de axudas para ampliar a actual rede autonómica de casas niño, que ao longo de 2023 alcanzará o centenar de equipamentos deste tipo repartidos por toda a Comunidade. A convocatoria para este exercicio permitirá crear 50 novas prazas, é dicir, 10 novos centros en concellos situados no rural que carezan doutro recurso de conciliación para nenas e nenos de entre 0 e 3 anos.

Para alcanzar este obxectivo, o Goberno galego investirá preto de 900.000 euros. Desta cantidade, 150.000 euros destinaranse a financiar as obras de acondicionamento dos locais que acollerán estes centros, cun máximo de 15.000 euros por cada un. Os 720.000 euros restantes diríxense a sufragar os gastos de funcionamento, o que supón unha achega de 21.560 euros para cada promotora ou promotor deste recurso.

Desde a creación desta medida pioneira en 2016, a Xunta apoiou a posta en marcha de 95 casas niño para prestar atención a un total de 475 nenas e nenos, a través dun servizo que xa se converteu nun símbolo da aposta de Galicia por estender a conciliación ás contornas rurais. Estes centros ofrecen atención gratuíta de luns a venres durante un máximo de 8 horas diarias a cinco nenos de 0 a 3 anos de idade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINOU MÁIS DE 33 M€ DE FONDOS PROPIOS ENTRE 2017 E 2022 ÁS AXUDAS PARA FOMENTAR OS SEGUROS AGRARIOS

- O importe destas achegas para 2023 é de 8,5 millóns de euros, o máis alto desde que Galicia participa no Sistema español de seguros agrarios
- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe estes datos e o labor da Consellería do Medio Rural a prol do aseguramento no sector agrario a través de diversas medidas, entre as que destacan estas axudas
- Os fondos achegados pola Xunta e pola Administración xeral do Estado fixeron posible que en 2022 a porcentaxe de subvención conxunta acadase o 44 % do custo deste tipo de pólizas
- No ano 2022 subscribíronse en Galicia algo máis de 43.000 pólizas, que deron cobertura a máis de 22.500 hectáreas, a preto de 37,5 millóns de animais e a un capital de 941,2 millóns de euros

A Xunta de Galicia dedicou un total de 33,12 millóns de euros dos seus propios fondos entre 2017 e 2022 ás axudas para fomentar a contratación de seguros agrarios na nosa comunidade. O importe destas achegas para 2023 é de 8,5 millóns de euros, o máis alto desde que Galicia participa no Sistema español de seguros agrarios.

O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe estes datos e o labor da Consellería do Medio Rural a prol do aseguramento no sector agrario. Neste sentido, cómpre destacar que a Xunta promove a contratación de seguros a través de diversas medidas, entre as que destaca a orde anual de axudas aos seguros agrarios. Esta acción fixo posible que en 2022 a porcentaxe de subvención conxunta da Xunta e da Administración Xeral do Estado acadase o 44 % do custo deste tipo de pólizas.

Ademais, outra medida impulsada pola Xunta de Galicia é a inclusión do aseguramento nos criterios de concesión das axudas agrarias. Deste xeito, os mozos cunha axuda á incorporación á actividade agraria están obrigados a asegurarse para cobrar esta subvención. Por outra banda, estar asegurado permite obter puntuación adicional nas axudas a investimentos nas explotacións agrarias (nos denominados plans de mellora).

#### Tres liñas principais

Os seguros agrarios subvencionados abranguen unha gran diversidade de producións agrícolas e gandeiras, pero poden resumirse en tres liñas principais. Por un lado, os dedicados a cubrir a retirada e destrución de cadáveres de animais, por outra banda os centrados en protexer as producións gandeiras (perda de gando) e por último os relativos a producións agrícolas (perda de colleitas).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No ano 2022 subscribíronse en Galicia algo máis de 43.000 pólizas, que deron cobertura a máis de 22.500 hectáreas, a preto de 37,5 millóns de animais e a un capital de 941,2 millóns de euros. En relación con anos anteriores, increméntase sensiblemente tanto a superficie amparada como os animais e o capital asegurado. Así, no período 2017-2022 a superficie cuberta medrou nun 58,5 %, o número de animais nun 42,6 % e o capital asegurado nun 34,1 %.

De cara ao futuro, para o 2023 prevese superar os 1.000 millóns de capital asegurado. Neste sentido, considérase que as modificacións da convocatoria deste ano, encamiñadas ao aseguramento conxunto no sector vitícola, poden contribuír a incrementar as pólizas nos cultivos de viñedo. Así, a orde de axudas para esta anualidade, ademais de incrementar o orzamento, mellora a porcentaxe de subvención de viñedo de uva para vinificación dentro das denominacións de orixe protexidas de Galicia.

Nesta liña, hai que sinalar que a porcentaxe de axuda da orde autonómica varía segundo o tipo de póliza. Para a convocatoria 2023 son os seguintes: para seguros agrícolas, 22 % mínimo de subvención, que acada o 50 % no caso de seguros para uva de vinificación en denominacións de orixe protexidas. Para seguros gandeiros, 16 % mínimo de subvención, pero que acada o 28 % nos seguros de retirada e destrución de animais en xeral e do 40 % nos caso dos coellos.

### **Estabilidade no sector**

O aseguramento agrario dá estabilidade ao sector primario en xeral e, polo tanto, favorece a produción de alimentos sans e seguros para a poboación en xeral. As explotacións agrícolas, gandeiras e forestais enfróntanse a riscos imprevisibles que poden afectar de xeito significativo os seus rabaños, colleitas ou producións e que, polo tanto, comprometen a súa viabilidade económica.

As xeadas, o pedrazo, as inundacións, os temporais ou as secas son algunhas das principais causas de perdas económicas. Por outra banda, están as enfermidades ou accidentes fortuítos que afectan as mandas, e que supoñen a perda de animais ou das súas producións nas explotacións gandeiras.

Por iso, os seguros constitúen un factor de estabilidade moral e material, así como un instrumento para garantir as rendas agrarias. En consecuencia, a Xunta de Galicia fomenta a contratación deste tipo de pólizas, en beneficio do sector en xeral.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A POLICÍA AUTONÓMICA LEVOU A CABO O ANO PASADO MÁIS DE 1.300 DENUNCIAS CON MÁIS DUN CENTO DE PERSOAS INVESTIGADAS POR DELITOS RELACIONADOS CO FURTIVISMO

- O Consello da Xunta informou hoxe das actuacións realizadas polos axentes do Equipo de Resposta Policial (Grupo ERPOL) en colaboración coa Consellería do Mar en 2022
- Aumentou a actividade respecto a 2021 e realizáronse máis de 2.800 inspeccións e case 2.000 vehículos rexistrados
- Cómpre salientar o labor do equipo de especialistas en actividades subacuáticas, creado hai un ano para a impedir o furtivismo e protexer os recursos mariños
- A Xunta advirte de que a actividade da Policía Autónoma vese afectada pola continua redución de efectivos ao mesmo tempo que veñen asumindo un incremento progresivo de funcións

A Policía Autónoma (UPA) reforzou o ano pasado a súa loita contra o furtivismo cun aumento de inspeccións, rexistros e denuncias con respecto a 2021. Así o pon de manifesto o balance do que informou hoxe o Consello da Xunta, centrado nas actuacións desenvolvidas especialmente polo Equipo de Resposta Policial (Grupo ERPOL), ademais de polos equipos de investigación das distintas sedes da UPA nas provincias costeiras e sempre en colaboración coa Consellería do Mar.

Segundo o documento, ao longo de 2022 formuláronse 1.358 denuncias fronte ás 907 do ano pasado, o que representa un incremento de case o 50%. O número de vehículos rexistrados medrou un 26%, con 1.939 fronte a 1.544, e as inspeccións pasaron de 2.082 a 2.849, un 37% máis. Estas accións deron como resultado 104 persoas investigadas ou detidas, 6 menos que en 2021.

Os datos dan mostra da redución da actividade delitiva como consecuencia da presión ao furtivismo por parte da Policía Autónoma xunto coa Subdirección Xeral de Gardacostas da Consellería do Mar. Reflicten ademais a maior profesionalización do persoal policial neste ámbito e un mellor coñecemento das prácticas das persoas dedicadas ao marisqueo ilegal.

#### Principais operativos

En canto aos operativos realizados o ano pasado, cómpre salientar os denominados *Xuntos*, feito en Ferrol, Mugardos e Narón sobre a extracción furtiva de vieiras e centolas e no que se investigaron catro persoas, e *Salitre*, tamén en Ferrol e Narón e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sobre a extracción furtiva de vieira e ostra. Nesta última operación localizouse unha depuradora ilegal e o número de persoas detidas ascendeu a 16.

Destaca tamén o dispositivo no Portiño, desenvolvido ao longo da costa coruñesa con motivo da extracción furtiva e sen control sanitario de percebe, co resultado de 31 persoas investigadas. A este súmanse o comiso de 1.370 quilos de centola nunha depuradora próxima a Ferrol e varias colaboracións transfronteirizas coa Policía Marítima Portuguesa.

Nestes resultados tamén contribúe o labor realizado polo equipo de especialistas en actividades subacuáticas, formado por cinco policía e que ten como obxectivo específico a loita contra o furtivismo e a protección dos recursos mariños.

Creado hai só un ano, realizou importantes actuacións e colaborou con distintos departamentos da Xunta, así como con outras institucións e corpos de seguridade en inspeccións, investigacións e buscas de persoas desaparecidas en medios acuáticos.

### **Dispositivos para impedir o furtivismo**

O traballo da Policía Autonómica en colaboración coa Consellería do Mar céntrase en dispositivos dirixidos a impedir a actuación dos furtivos, tanto na actividade extractiva como na venda, transporte e distribución do produto, sen as debidas garantías sanitarias.

As actuacións conxuntas da UPA e o persoal de Gardacostas están a reforzar os resultados das intervencións, xa que os furtivos se decatan de que hai detrás un corpo policial que lles impide a súa ilícita actividade, con actuacións preventivas, identificacións, denuncias e mesmo imputacións e detencións, nos supostos de transcendencia penal.

Así pois, malia a perda de efectivos e de ter asumido outras funcións moi importantes como a protección das mulleres vítimas de violencia de xénero ou a vixilancia dos camiños no Xacobeo 21-22 que precisan de persoal operativo permanente, a UPA mantivo no 2022 o nivel de actividade en colaboración coa Consellería do Mar, de xeito que se poidan acometer con garantías as tarefas precisas de control e loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

Por iso, a Xunta advirte de que a actividade da Policía Autonómica vese afectada pola continua redución de efectivos ao mesmo tempo que veñen asumindo un incremento progresivo de funcións.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA RESALTA QUE A DECISIÓN DO SUPREMO SOBRE ENCE DÁLLE A RAZÓN Á XUNTA E DESCARTA QUE O REGULAMENTO DE COSTAS POIDA NEGARLLE A PRÓRROGA A CONCESIÓNS ANTERIORES A 1988**

- Asegura que avala a tese defendida sempre polo Goberno galego de que “é posible” o equilibrio entre a preservación do medio ambiente e manter actividades “claves” para a economía galega
- O Consello coñeceu esta mañá un informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre como afecta o fallo xudicial ao recurso interposto o pasado mes de outubro contra a modificación regulamentaria aprobada polo Estado
- Os cambios introducidos polo Goberno central afectan tanto ás concesións de vivendas particulares como ás empresas en dominio público marítimo-terrestre con concesións anteriores á Lei de costas, negándolles na práctica o dereito a prórroga
- O Tribunal Supremo senta doutrina ao decretar sen lugar a dúbidas que a decisión de prolongar a concesión á pasteira 60 anos máis é absolutamente legal, desmontando deste xeito a modificación do Regulamento xeral de costas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que o fallo da sentenza do Tribunal Supremo sobre a prórroga extraordinaria de ENCE para permanecer na ría de Pontevedra dálle a razón ao Goberno galego nos seus argumentos en contra da modificación do Regulamento xeral de costas aprobada o pasado verán, xa que descarta sen lugar a dúbidas que se poida negar o dereito a prórroga ás concesións outorgadas no dominio público marítimo terrestre (DPMT) antes de 1988. “A sentenza avala a a posición da Xunta sobre as prórrogas das concesións en dominio público”, indicou.

Esta é a principal conclusión do informe que presentou hoxe a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ante o Consello para analizar como afecta este fallo xudicial ao recurso interposto pola Xunta en outubro contra a referida modificación.

Neste sentido, Rueda lembrou que o Estado aprobou en agosto de 2022 un real decreto polo que se introduciron cambios substanciais que afectan tanto ás concesións de vivendas particulares como ás empresas localizadas en dominio público marítimo-terrestre (DPMT) con concesións anteriores á Lei de costas de 1988. En concreto, “rebaixa a duración das novas concesións de 75 a 30 anos e tamén reduce a 30 anos as prórrogas extraordinarias, negando deste xeito na práctica este dereito aos titulares de títulos outorgados con anterioridade ao ano 1988”, sinalou.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tendo en conta a transcendencia destas modificacións e que, ademais, se fixeron sen reformar nin derogar a Lei de costas de 2013, aínda vixente, a Xunta decidiu recorrer ante o Supremo a reforma do regulamento xeral de costas ao entender que carecía totalmente de base e fundamento legal. De feito, o recurso autonómico foi admitido a trámite polo Tribunal e o pasado xaneiro o Goberno galego formalizou a demanda.

O presidente calificou de "moi restritiva" a última modificación da normativa de costas Goberno central e lembrou que "introduce moita inseguridade xurídica" en instalacións que levan moito tempo "xerando riqueza no noso litoral" e "cumprindo coas normativas medioambientais". Nesta liña, sinalou que o fallo do Supremo demostra a tese que sempre defendeu a Xunta de que "a preservación do litoral e manter actividades claves para a economía galega é posible".

O fallo xudicial sobre ENCE senta doutrina e avala os argumentos que defendeu sempre Galicia respecto das prórrogas xa que decreta, sen lugar a dúbidas, que a decisión neste caso concreto é absolutamente legal.

Deste xeito, desmóntase a reforma do regulamento xeral de costas aprobada polo Goberno central o ano pasado e pon en evidencia que a súa intención é, unha vez máis, a de deixar totalmente libre o litoral, sen modificar a lei sectorial en vigor nin ter en conta as diferentes actividades económicas que se desenvolven na costa ou as vivendas e o resto de construcións preexistentes.

De feito, en Galicia e segundo as estimacións realizadas pola Xunta, existen ao redor de 4.000 edificacións de todo tipo e condición, tanto públicas como privadas, afectadas polo dominio público marítimo-terrestre.

### **Estratexia para deixar a costa libre**

A última reforma do regulamento xeral de costas obedece a un plan preconcebido desde 2018 polo Estado para impoñer unha interpretación cada vez máis restritiva da normativa de costas e propiciar a eliminación progresiva de toda actividade humana e económica do dominio público marítimo-terrestre.

Neste sentido, cómpre lembrar os cambios introducidos na duración das concesións no litoral a través da Lei de cambio climático, aprobada en 2021 e que limita estes títulos a un máximo de 75 anos contados desde a data inicial de concesión, ou a decisión da Avogacía do Estado en 2019 de allanarse nos procedementos xudiciais contra a prórroga extraordinaria de ENCE, a pesar de que esta fora concedida conforme ao marco normativo vixente, tal e como acaba de ratificar o Tribunal Supremo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o pasado mes de xuño o Ministerio someteu a información pública o chamado Plan da costa libre, un documento estratéxico que aspira a liberar o DPMT a través da retirada paulatina e controlada da presenza humana na costa ata o ano 2045.

Todas estas medidas impulsadas polo Goberno central afectan especialmente a Galicia, unha comunidade con 2.500 km de costa e onde máis da metade da poboación vive no litoral. Por iso, a Xunta leva tempo insistindo ante o Estado en que é fundamental e urxente que Galicia poida exercer as competencias plenas sobre a xestión do DPMT, completando así as transferencias iniciadas en 1985, hai case 40 anos, pola vía dun Real Decreto e sen necesidade de reformar o Estatuto de Autonomía.

De feito, co fin de buscar o autogoberno pleno sobre a costa e asumindo o papel de xestión que lle corresponde, o Goberno galego está a tramitar a Lei de ordenación do litoral de Galicia, que xa superou o trámite de audiencia e de información pública. Así, nestes momentos trabállase co fin de elevala ao Consello da Xunta en primavera para a súa aprobación como proxecto legislativo e posterior remisión ao Parlamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a necesidade de recuperación e mellora dos servizos ferroviarios rexionais e de proximidade en Galicia](#)

### **A XUNTA PÍDELLE AO GOBERNO DE ESPAÑA A ACTIVACIÓN DO 22 % DAS CONEXIÓNS DE TREN DE MEDIA DISTANCIA E DE PROXIMIDADE QUE AÍNDA NON REPUXO TRAS A PANDEMIA E O REFORZO DOS SERVIZOS EN HORA PUNTA**

- Constata que nos servizos rexionais, que atenden pequenas conexións intermedias, o déficit do tren elévase ata o 28 %
- A situación agrávase en eixes como o Vigo-Monforte, cunha redución de servizos de arredor do 75 % no traxecto Vigo-Ourense e dun 50 % na conectividade con Portugal
- Tamén se rexistra unha perda do 66 % dos servizos no eixe Monforte-Ponferrada, unha redución sistemática de trens entre A Coruña e Monforte e unha diminución do 36 % entre A Coruña e Betanzos, no eixe ferroviario A Coruña-Ferrol
- A Xunta incide na necesidade de manter os servizos ferroviarios, incrementalos e adaptalos ás necesidades reais dos usuarios para garantir que sexan eficientes e competitivos e unha alternativa complementaria a outros modos de transporte
- Alerta de que a falta de servizos, a variación ou non adaptación de horarios ás necesidades da poboación ou a impuntualidade redundan na perda de atractivo do tren para o usuario que podería entenderse erroneamente como falta de demanda
- A continua mingua de opcións do uso do tren, por escaseza de frecuencias ou horarios inaxeitados, levan á perda de viaxeiros e á degradación das estacións e das infraestruturas, dada a pouca rendibilidade pública dos investimentos necesarios
- Insta o Goberno a investir na mellora das infraestruturas máis antigas, a dinamizar os corredores ferroviarios arredor das grandes cidades e a acelerar o proceso de incorporación de novo material rodante que garanta a eficiencia e a calidade no tren

A Xunta pídelles ao Goberno de España a activación do 22 % das conexións de tren de media distancia e de proximidade que aínda non repuxo tras a pandemia da Covid e o reforzo dos servizos de media distancia e de proximidade en hora punta para facer máis atractivo o ferrocarril.

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a necesidade de recuperación e mellora dos servizos ferroviarios rexionais e de proximidade en Galicia en que se analizan as conexións de tren actuais na comunidade e a diminución que se ten producido nos últimos anos, empregando como excusa a pandemia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desta análise global conclúese que Galicia aínda non recuperou o 22 % das súas principais conexións ferroviarias, unha cifra que se eleva ata o 28 % nos servizos rexionais que atenden pequenas conexións intermedias.

A situación agrávase e chega a ser verdadeiramente preocupante en eixes como o Vigo-Monforte, que perdeu un gran número de servizos de tren diarios no cómputo global, cunha redución de arredor do 75 % no traxecto Vigo-Ourense, dos cales a metade eran rexionais, e dun 50 % na conectividade con Portugal, pasando de 8 a 4 servizos actuais.

Tamén se rexistra unha perda do 66 % dos servizos no eixe Monforte-Ponferrada, que pasou de ter unha dotación de 12 trens a ter só 4; e no eixe A Coruña-Monforte, cunha redución sistemática de trens, superior ao 50 % no treito entre A Coruña e Lugo (perda de 6 trens).

A liña ferroviaria entre A Coruña e Ferrol perdeu un 36% dos servizos no treito entre A Coruña e Betanzos, 8 trens; e un 14 %, 2 servizos de tren, entre Betanzos e Ferrol.

No eixe Ferrol-Ortigueira a redución foi superior ao 30% con respecto ás conexións existentes antes da pandemia, pasando de 34 trens a 22 actuais.

No eixe atlántico ferroviario, na liña A Coruña-Vigo, en canto a número, recuperáronse os servizos previos á pandemia, se ben se aprecia un transvase de servizos de carácter rexional aos de media distancia, reducíndose o número de trens rexionais que circulan polas antigas vías entre Vigo e Pontevedra e entre Vilagarcía de Arousa e Santiago de Compostela. Isto significa que faltan por recuperar o 7 % das conexións rexionais.

O eixe Santiago-Puebla de Sanabria é o único que gaña servizos en cómputo global (5) e que non perde servizos de proximidade, posto que se prestan co tren de longa distancia.

Ante esta situación o Goberno galego incide na necesidade de manter os servizos ferroviarios, incrementalos e adaptalos ás necesidades reais dos usuarios para garantir que sexan eficientes e competitivos e unha alternativa complementaria a outros modos de transporte.

Faise imprescindible, pois, unha revisión da oferta por parte do Goberno de España para atender ás necesidades e demandas xurdidas nestes últimos anos, ben polo cambio de costumes derivados da pandemia, pola concienciación ambiental ou polo aumento desmedido dos custos que conduce a un maior uso do transporte público colectivo.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego estima que para que os servizos de tren sexan atractivos para os usuarios deben garantir tempos de viaxe competitivos, altas frecuencias en horas punta, regularidade nos horarios e calidade e puntualidade no servizo.

Pide, por iso, ao Goberno de España que reforce o tren en hora punta, xa que este servizo atende, principalmente, usuarios recorrentes cuxos desprazamentos están asociados ao traballo ou aos estudos e, polo tanto, son necesarios para permitir a conciliación familiar e garantir a igualdade de oportunidades.

O Goberno galego alerta de que a falta de servizos, a variación e a non adaptación de horarios ás necesidades da poboación redundan nunha perda de atractivo para o usuario, que podería entenderse erroneamente como unha falta de demanda.

Nesta liña, reclama unha aposta clara polos servizos de proximidade rexional, reforzando os servizos existentes e ofertando outros novos en estacións rurais que na actualidade están en situación de case semiabandono.

A Xunta advirte que a continua mingua de opcións do uso do tren, ben por escaseza de frecuencias ou por horarios inaxeitados, levan á perda de viaxeiros e á degradación das estacións e das infraestruturas, dada a pouca rendibilidade pública dos investimentos necesarios.

O Goberno galego lembra a necesidade de investir no mantemento e mellora das infraestruturas ferroviarias máis antigas, xa que, para garantir a seguridade e fiabilidade do servizo de tren, a infraestrutura debe estar en perfectas condicións de uso.

Tamén as estacións secundarias requiren dunha aposta do Goberno de España para a súa remodelación e modernización e posta en valor co fin de garantir a prestación dun servizo de calidade e seguridade aos usuarios.

Por último, o informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta urxe o Executivo estatal a dinamizar os corredores ferroviarios arredor das urbes máis importantes da comunidade, como unha oportunidade de mellora na prestación do servizo de tren aos cidadáns, ademais de acelerar o proceso de incorporación de novo material rodante que garanta eficiencia e calidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA CONFIRMA A OFERTA DA XUNTA DE CONVOCAR 413 PRAZAS DE PERSOAL SANITARIO POR CONCURSO DE MÉRITOS PARA CUBRIR POSTOS DE DIFÍCIL COBERTURA**

- Aclara que a convocatoria aprobarase tras completar os procesos de negociación sindical pertinentes, pero avanza que esta medida tivo “boa acollida” na Mesa Sectorial de Sanidade celebrada a mañá de onte
- Concreta que serán 72 prazas de facultativo especialista en atención primaria, 59 prazas de pediatría de atención primaria, 109 de diferentes especialidades médicas nos hospitais comarcais e 173 de persoal sanitario nos programas iniciados ao abeiro do Plan de saúde mental
- Destaca que “multiplica por catro” a anterior convocatoria que permitiu incorporar 100 facultativos de atención primaria

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, informou de que o Consello da Xunta deulle hoxe “carácter executivo” á proposta que se levou onte mesmo á Mesa Sectorial de Sanidade para convocar 413 prazas de persoal sanitario por concurso de méritos para cubrir postos de difícil cobertura.

Rueda explicou que, despois da “boa acollida” desta proposta na mesa Sectorial de Sanidade celebrada a mañá de onte, a intención da Xunta é ir “gañando tempo” para ir preparando esta convocatoria, co obxecto de que os residentes que acaban a súa formación en maio poidan presentarse a estas prazas. Deste xeito, aclarou que a convocatoria aprobarase tras completar os pertinentes procesos de negociación sindical, e unha vez recadadas as autorizacións dos órganos competentes en orzamentos e función pública.

“Había que facelo agora”, defendeu o mandatario galego sobre esta convocatoria, da que precisou que se trata da segunda destas características despois do “éxito importante” que tivo a de 2022, e que permitiu incorporar máis de 100 facultativos de atención primaria en centros de saúde que levaban tempo sen médico estable. Ademais, puxo en valor o dato de que o “25 % foi persoal alleo dos sistema sanitario público galego, que veu doutras comunidades ou da medicina privada”.

O presidente subliñou que esta nova convocatoria “multiplica por catro” a anterior, xa que inclúe 72 prazas de facultativo especialista en atención primaria, 59 prazas de pediatría de atención primaria, 109 de diferentes especialidades médicas nos hospitais comarcais e 173 de persoal sanitario nos programas iniciados ao abeiro do Plan de Saúde

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mental. Ademais, apuntou que, entre os requisitos dos seleccionados, está que terán que ocupar a praza asignada "mínimo dous anos.

"Trátase dunha medida importante que demostra que, dentro das nosas capacidades, facemos o necesario para cubrir o déficit ", defendeu Rueda, quen argumentou que con esta convocatoria a Xunta está a dar tamén "argumentos dabondo para demandar ao Ministerio de Sanidad que faga o mesmo", en referencia a necesidade de que convoque máis prazas MIR e a especialidade de Urgencias, que forman parte das súas competencias.

A oferta responde á comprobación das prazas vacantes existentes e das necesidades manifestadas polas direccións das distintas áreas sanitarias derivadas da falta de persoal dispoñible nas listaxes dos distritos correspondentes, así como da falta de solicitudes para ocupar as prazas, ben por OPE ou concurso de traslados así como por levar tempo vacantes.

Cómpre destacar que os maiores déficits nos cadros de persoal dos hospitais comarcais que poderán ser resoltos grazas a este proceso selectivo danse nas especialidades de medicina interna, traumatoloxía, pediatría ou radiodiagnóstico.

Así, entre as 109 prazas para cubrir vacantes nos hospitais comarcais inclúense 18 prazas de medicina interna, 12 de pediatría e as súas áreas específicas, 10 en cirurxía ortopédica e reanimación, 9 en obstetricia e xinecoloxía e outras 9 en cirurxía xeral e do aparello dixestivo, ou 8 de médico de urgencias hospitalarias, entre outras.

Entre as 173 prazas de persoal sanitario nos programas iniciados ao abeiro do Plan de saúde mental inclúense 42 de psiquiatría, 37 de psicoloxía clínica e 94 de enfermeiro especialista en saúde mental

Así mesmo, o persoal MIR destas especialidades que remate en maio poderá optar a estas prazas e ser persoal fixo neste mesmo ano. Terán que ocupar as prazas e estar en activo durante 2 anos. Transcorrido este tempo poderán moverse en concurso de traslados ao destino da súa elección coa vantaxe de que os servizos prestados nalgúns deste hospitais computarán o triplo da puntuación ordinaria.

Esta oferta tamén está dirixida a atraer o persoal médico e de enfermaría coa especialidade de saúde mental que obterán no mes de maio o seu título de especialista, e que poderán participar nestes procesos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A convocatoria amplía a experiencia do primeiro concurso de méritos**

Con esta convocatoria, o Goberno galego dá cumprimento á Lei 2/2022 de medidas extraordinarias para a provisión de postos de difícil cobertura, aprobada en outubro de 2022 polo Parlamento de Galicia. Esta lexislación ampliou a exitosa experiencia do primeiro concurso de méritos convocado pola Xunta de Galicia en 2022, que logrou que máis dun cento de especialistas en medicina de familia tomasen posesión dunha praza fixa en centros de saúde que levaban tempo sen médico estable.

A Lei 2/2022, do 6 de outubro, habilita o Servizo Galego de Saúde a que, durante un prazo de tres anos, desde a entrada en vigor da norma, proceda a convocar procesos selectivos específicos polo sistema de concurso co fin de impulsar a incorporación estable e permanente de persoal, -a súa primeira resolución está prevista para despois do verán-, aos postos de difícil cobertura dos seguintes colectivos:

a) Persoal facultativo especialista de diversas especialidades dos hospitais dos distritos sanitarios de Cee, A Barbanza, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras e O Salnés.

b) Persoal da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, creada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pediatra de atención primaria.

c) O persoal facultativo especialista de área en psiquiatría e psicoloxía clínica e enfermeiro especialista de Saúde Mental necesario para o desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 (período 2020-2024), co obxecto de incrementar o número de programas no Sergas para a atención sanitaria aos trastornos mentais, con especial énfase nos destinados á atención á infancia e ás persoas maiores, ao incremento na cobertura dos programas de intervención comunitaria dirixidos a persoas con trastorno mental grave a través de programas de intervención comunitaria, así como á atención á saúde mental dos profesionais sanitarios.

### **Medida lexislativa para paliar o déficit de médicos e profesionais sanitarios**

A necesidade de dotarse de máis recursos humanos e cubrir prazas vacantes en zonas de difícil cobertura da comunidade motivou que a Xunta de Galicia impulsara esta medida lexislativa, coa que pretende paliar en parte o déficit de médicos e profesionais sanitarios, unha situación que afecta todas as comunidades autónomas nestes momentos mentres continúa o incumprimento dos compromisos de reforma da lexislación estatal. Esta necesidade de incentivar as prazas de difícil cobertura fora xa

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxecto dun acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde aprobado por unanimidade en abril de 2018 no que se establecía a necesidade de reformar a lexislación do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para tal efecto, un acordo que permanece incumprido desde entón, mesmo tras solicitar expresamente a Xunta de Galicia que se incluíse na reforma do Estatuto Marco que o Goberno de España vén de remitir ás Cortes Xerais.

Do mesmo xeito, o impulso do sistema de concurso para a selección de persoal sanitario especialista é unha recomendación incluída no ditame da Comisión para a reconstrución social e económica creada no Congreso dos Deputados, que continúa sen cumprirse por parte do Goberno de España dous anos despois da aprobación dese ditame.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CREARÁ UNHA BOLSA DE PERSOAL VOLUNTARIO DISPOÑIBLE PARA CUBRIR PRAZAS DE MÉDICOS DE FAMILIA NAS ÁREAS SANITARIAS CON MENOS DO 20% DOS PAC LIBRES DE VACANTES ESTRUTURAIS**

- Persoal voluntario en réxime de localización facilitará a cobertura ante as excepcionais dificultades para cubrir prazas
- O persoal percibirá 230 euros brutos por día en concepto de dispoñibilidade, unha cantidade que podería oscilar entre os 690 e os 1.610 euros brutos mensuais
- A esta contía sumaranse as retribucións brutas pola realización efectiva de gardas, que serán de 250 euros por unha garda de 7 horas, 611 por unha de 17 horas e 862 por unha garda de 24 horas
- Deberán realizar durante un período mínimo de 3 días e máximo de 7 días ao mes as coberturas que sexan necesarias, en horario PAC

A Xunta de Galicia vai poñer en marcha unha bolsa de persoal voluntario dispoñible, en réxime de localización, para facilitar a cobertura de persoal médico nas áreas sanitarias con menos do 20% dos puntos de atención continuada (PAC) libres de vacantes estruturais. O Consello da Xunta deu o seu visto e praxe a un informe sobre o programa extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal médico de familia nos PAC.

As persoas incluídas nesta listaxe poderán ser chamadas para atender entre 3 e 7 días ao mes as quendas de PAC que necesiten completar cobertura. O persoal percibirá 230 euros brutos por día en concepto de dispoñibilidade, unha cantidade que podería oscilar entre os 690 e os 1.610 euros brutos mensuais, segundo se opte pola dispoñibilidade mínima ou máxima.

Ademais, o informe establece que as retribucións brutas pola realización efectiva de gardas serán de 250 euros por unha garda de 7 horas, 611 por unha de 17 horas e 862 por unha garda de 24 horas, que se sumarán á contía anterior.

En caso do persoal que realice de xeito efectivo a actividade, a retribución mínima posible sería de 941 euros -implica estar inscrito só para 3 días e ser chamado só para unha garda de 7 horas-. Pola súa banda, a retribución máxima -por estar inscrito para o máximo de 7 días, e ser chamado os 7 días para distintos tipos de gardas -tendo en conta os preceptivos descansos-, ascendería a 5.309 euros mensuais.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A aplicación deste programa terá unha duración mínima de 6 meses e poderá ser prorrogado en caso necesario.

A xerencia da área sanitaria convocará e elaborará unha listaxe aberta específica de persoal voluntario dispoñible, en réxime de localización, para a cobertura de postos de médico de familia en PAC. Estas persoas estarán dispoñibles de forma rotatoria, en expectativa de ser chamados, para atender durante un período mínimo de 3 días e máximo de 7 días ao mes as coberturas que sexan necesarias, en horario PAC. Será a xerencia da área a que determine cada mes o número concreto de profesionais dispoñibles, atendendo á previsión de necesidades.

Para a elaboración da listaxe e posta en marcha inmediata do programa, a Xerencia da área sanitaria efectuará unha primeira convocatoria cuxa apertura de prazo será anunciada na web do Sergas e poderá incluírse como formulario no FIDES. Tras o prazo inicial, a convocatoria manterase aberta para o seu funcionamento dinámico, para que calquera profesional interesado que cumpra os requisitos poida sumarse ao programa.

Tamén, promoverase que nos procesos selectivos e de provisión de persoal estatutario da categoría de médico de familia convocados polo Sergas con posterioridade a entrada en vigor desde programa, se asigne unha puntuación adicional pola dispoñibilidade na listaxe específica de persoal voluntario das distintas categorías que participen nel.

### Retribucións

En resumo, para o persoal con vínculo fixo ou temporal co Sergas ou entidades adscritas, aboarase mensualmente en concepto de dispoñibilidade 230 euros brutos por día, sendo obrigatoria unha dispoñibilidade mínima de 3 días ao mes, de forma que se poderán chegar a percibir 1.610 euros brutos mensuais de optarse pola dispoñibilidade máxima de 7 días.

Ademais do aboamento da dispoñibilidade, no caso de que se produzan chamamentos efectivos de prestación de servizos de cobertura de postos de PAC, este persoal percibirá, ademais da contía correspondente a unha garda ordinaria, as contías adicionais de 70 euros para a xornada de 7 horas, 170 euros no caso da garda de 17 horas e 240 euros na garda de 24 horas, de xeito que o importe total é o que se reflicte no seguinte cadro:

	7 horas	17 horas	24 horas
Garda ordinaria	181,65	441,15	622,80
Adicional garda PAC	70,00	170,00	240,00
<b>Subtotal garda + adicional</b>	<b>251,65</b>	<b>611,15</b>	<b>862,80</b>



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

